



Resolución de 30 de marzo de 2020 de la Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro , pola que se decreta a suspensión da obriga establecida no artigo 19.1 do Decreto 8/2014 de 16 de xaneiro

As confrarías de acordo co establecido no artigo 1 da Lei 9/1993 do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia, son corporacións de dereito público dotadas de personalidade xurídica e capacidade de obrar, suxeitas á tutela da Administración Pública Galega.

Dita tutela concrétase no artigo 3 do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro , polo que se regulan as confrarías de pescadores e as súas federacións , respecto de aqueles actos e acordos adoitados no exercicio das súas funcións públicas e suxeitas ao dereito administrativo.

Terán de tódolos xeitos , esta consideración as cuestións relativas a constitución, funcionamento dos órganos reitores e procesos electorais que se desenvolvan no seu seo, así como os actos de afiliación e a creación, disolución e fusión das confrarías.

Debido á declaración do estado de alarma no estado español reflectida no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo , polo que se declara el estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e de acordo co previsto na súa Disposición Adicional Terceira que no seu parágrafo 1 indica:" Suspéndense os términos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O computo dos prazos reanudarase no momento en que perda vixencia o presente Real Decreto , o no seu caso as prórrogas do mesmo"

E sendo , que no Decreto 8/2014 establécense unha serie de obrigas das confrarías de información suxeitas a prazos que se atopan a punto de cumprir , é polo que , e en uso das atribucións conferidas no Decreto 168/2015 , do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar , **RESOLVO:**

SUSPENDER a obriga establecida no artigo 19.1 do decreto 8/2014 , do 16 de xaneiro polo que as confrarías deben remitir trimestralmente á Consellería do Mar a actualización do seu censo de membros establecendo que a remisión do correspondente o primeiro trimestre do ano 2020 realizarase conxuntamente co correspondente ao segundo trimestre

En Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

Susana Rodríguez Carballo
(Asinada dixitalmente)

